

INFORME DE AVALIACIÓN SOBRE A PERCEPCION DO CEIS AS MARINAS

1. Introducción.

O Comité de Ética na Intervención Social "CEIS AS MARIÑAS" é un órgano colexiado consultivo, interdisciplinar e independente que ten como finalidade asesorar sobre os problemas éticos da intervención social, promover unha cultura ética e mellorar a calidade da intervención social e o benestar das persoas usuarias dos servizos sociais.

Esta iniciativa xorde da inquietude das e dos profesionais dos servizos sociais dos municipios que forman parte do Consorcio das Mariñas (Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) por consolidar e promover a dimensión ética da intervención social e buscar apoio para chegar á mellor solución en determinadas situacións de conflito. De ahí a orixe dun plan de formación (2017-2018), cuxo obxectivo era dotarlles de habilidades e coñecementos éticos básicos e facilitar a creación dun comité de ética na intervención social no ámbito do Consorcio. Ademais, o plan pretendía mellorar a calidade da intervención e os procesos de toma de decisións dos profesionais e contribuír a implantar unha cultura ética no Consorcio e na sociedade.

Este Comité toma como referencia á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e contribúe á consecución dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais (artigo 3), ao goce dos dereitos das persoas usuarias (artigo 6) e a mellora continua da calidade do sistema (artigos 49, 50 e 51).

CEIS As Mariñas está ao servizo de profesionais, centros, servizos, asociacións, fundacións, institucións, usuarios, familias e/ou representantes e demais axentes implicados na intervención social do Consorcio As Mariñas.

O ámbito territorial de actuación do CEIS As Mariñas corresponde á área de servizos sociais dos municipios que integran o Consorcio As Mariñas.

2. Xustificación.

Dentro do CEIS establécense grupos de traballo para a elaboración de proxectos, propostas, recomendacións, estudos ou informes sobre a ética na intervención social. No mes de xuño do ano 2023 constitúese o Grupo de traballo de "Xestión do proceso avaliativo". Este grupo créase coa finalidade de coñecer, do xeito máis obxectivo posible, a situación actual do CEIS, a valoración do comité por parte das súas integrantes, as entidades e profesionais aos que se dirixe e da sociedade en xeral, para detectar aquelas áreas ou aspectos que podan mellorar o seu funcionamento e a súa contribución a mellorar a calidade dos servizos sociais do consorcio.

3. Metodoloxía e resultados.

Nas reunións mantidas e unha vez revisada bibliografía sobre a materia, se identifican os seguintes indicadores que teremos en conta nesta primeira avaliación, que son:

- Relevancia e coñecemento do comité.
- Grado de participación.
- Finalidade e utilidade.
- Burocracia.
- Función educativa e de realización de protocolos.

Plantéxase a elaboración de 3 cuestionarios para avaliar a actividade do CEIS dirixido aos seguintes colectivos:

- Integrantes do comité.
- Persoal dos servizos sociais.
- Persoal das entidades sociais.

Finalmente se elaboraron 2 cuestionarios, realizados a través da plataforma Google Forms, que son os que seguen:

1. Cuestionario de avaliación para compoñentes de CEIS "As Mariñas", no que se recolle información sobre:

- a. Importancia do CEIS e motivación para formar parte do comité.
- b. Influencia do CEIS na práctica profesional.
- c. Grao de participación no comité.

- d. Dificultades para participar no comité.
- e. Formación.

2. Cuestionario de avaliación do CEIS para profesionais dos SS.SS, no que se recolle información sobre:



- a. Coñecemento do CEIS, asuntos que trata e consultas realizadas
- b. Formación relacionada coa ética levada a cabo polo comité
- c. Importancia do traballo do CEIS e da perspectiva ética na intervención social


O primeiro dos cuestionarios envíase o 26 de febreiro de 2024 a todas as integrantes do comité dando como prazo límite de entrega o 11 de marzo.



O segundo cuestionario envíase o 24 de maio ás e aos profesionais dos servizos sociais comunitarios dos concellos pertencentes ao Consorcio.

A continuación preséntanse os resultados obtidos en ámbolos dous cuestionarios:


CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN PARA OS COMPOÑENTES DO CEIS AS MARIÑAS

Nº	PREGUNTA FORMULADA	Nº RESPONSTAS	RESULTADOS	OBSERVACIÓNS
BLOQUE 1: RELEVANCIA E COÑECEMENTO DO CEIS				
1	<p><i>Por que cre que é importante contar cunha ferramenta como o Comité de Ética en Intervención Social do Consorcio de As Mariñas ?</i></p>	18	 <ul style="list-style-type: none"> ■ Perspectiva ética ■ Profesionalidade na toma de decisións ■ Calidade na intervención ■ Reflexión na intervención social 	<p>Ao tratarse dunha pregunta con resposta aberta agrúpanse as respostas en 4 categorías: perspectiva ética; profesionalidade na toma de decisións; calidade;e, reflexión sobre a intervención.</p>
2	<p><i>Cal foi a súa motivación para participar nel?</i></p>	21	 <ul style="list-style-type: none"> ■ Interese pola ética na intervención social ■ Mellorar profesionalmente ■ Adquirir coñecementos e formación relacionados coa ética 	

3	<i>Dende que forma parte do CEIS, en que aspectos mudou a súa forma de intervir socialmente dende o seu posto de traballo?</i>	20	 <p> ■ Perspectiva ética ■ Calidade na intervención ■ Fomento de valores éticos ■ Non </p>	Ao tratarse dunha pregunta con resposta aberta: agrúpanse as respostas en 4 categorías: perspectiva ética; calidade intervención; fomento valores éticos; non mudou.
BLOQUE 2: GRADO DE PARTICIPACIÓN				
4	Asiste con regularidade ás reunións do CEIS?	21	O 95,2% das e dos integrantes manifestan asistir con regularidade.	
5	Forma parte dalgún grupo dentro do CEIS (comunicación, demandas de 3as persoas, etc.)?	21	18 das e dos integrantes participan en algún grupo de traballo dentro do CEIS.	
6	Encóntrase con algunha dificultade para participar de forma activa no CEIS?	21	16 das persoas participantes manifestan algunha dificultade para a súa participación, na maioría dos casos pola carga laboral e polas dificultades de conciliación coa vida familiar	
7	Pensa que a súa opinión é tida en conta na toma de decisións do CEIS?	21	O 90% (19) das e dos participantes pensan que a súa opinión é tida en conta.	
BLOQUE 3: FINALIDADE E UTILIDADE				
8	Pensa que o CEIS, e o desenvolvemento do método deliberativo, é util para resolver consultas éticas?	21	17 das 21 respostas consideran que é útil (80 %), 2 consideran que é pouco operativo e 2 non saben.	



9	Considera que o CEIS cumpriu co seu obxectivo nos seus primeiros anos de implantación?	20	 <p> ■ Sí, cumpriu os seus obxectivos ■ Non cumpriu obxectivos ■ Non podo valoralo </p>	
10	Cre que a labor do CEIS chega á poboación da comarca das Mariñas?	21	 <p> ■ Si ■ Non ■ Non podo valoralo </p>	
11	Que condicionantes percibe como obstaculizadores da difusión do CEIS entre a poboación?	16	<p>Máis da metade dos cuestionarios comentan a falla de visibilidade, difusión e información (56%) e un 19% as dificultades para incorporar o CEIS como recurso de intervención.</p>	

BLOQUE 4: BUROCRACIA				
13	Atopouse con algunha dificultade para a aplicación da normativa relacionada co funcionamento do CEIS?	15	Máis da metade responde que non ou que non o sabe e apuntan a necesidade de cambiar o regulamento e a renovación de vacantes no CEIS.	
14	Encontrouse con algunha eiva administrativa ou burocrática na coordinación con outras administracións ou instancias?	16	O 69 % (11) responde que NON , no caso do 4 restante, 2 consideran que houbo eivas no proceso de renovación vacantes e nomeamento de persoal político responsable do PCSS e outra pola lentitude na resposta.	
15	Como valora o procedemento para a realización de consultas éticas acordado polo CEIS?	18	8: procedemento pouco práctico ou complexo. 5: procedemento mellorable. 5: procedemento útil. Así podemos concluir que o 78% das persoas que responderon consideran que é un procedemento que se debe mellorar.	
BLOQUE 5: FUNCIÓN FORMATIVA				
16	Pensa que o proceso de formación recibido en cuestións éticas relacionadas coa intervención social foi útil para a súa labor dentro do CEIS?	20	Das 20 respostas o 80% (16) consideran a formación útil , moi útil 11 e bastante útil 5, e 4 non poden valoralo por non ter participado en ningunha acción formativa.	




17	Na súa opinión, cal das formacións tivo máis impacto no seu desenvolvemento profesional?	15	O 80% considera que a formación que máis impacto tivo foi a formación inicial sobre ética impartida no ano 2017-2018 pola Facultade de Dereito da UDC.	
18	Que formación lle sería de utilidade realizar que aínda non se puxo en marcha?	16	Aquí obtivéronse respostas moi variadas, destacando: principalmete a práctica no método deliberativo e tamén apúntanse experiencias noutros comités, ética na intervención (menores e coidados) e ética das organizacións.	
19	Como valora as xornadas de divulgación e formación realizadas polo CEIS a entidades sociais?	18	O 80% considera que foron boas e un 5% considera que poderían ser mellorables e hai un 20% que non pode valoralas.	
20	No tempo de actividade do CEIS, estableceuse algún documento de recomendacións ou de divulgación sobre o mesmo?	18	Das cales 17 afirman que si.	
21	En que área do CEIS consideraría útil poñer en marcha un protocolo?	11	O 55% (6) das despostas considera que sería útil poñer en marcha un protocolo no proceso de consultas, o resto de respostas refírense a protocolos de áreas de intervención, comunicación ou avaliación.	É unha pregunta da que só houbo 12 respostas, polo que cremos que puido resultar confusa.

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO CEIS AS MARIÑAS PARA PROFESIONAIS DOS SS SS



Nº	PREGUNTA FORMULADA	Nº RESPONSTAS	RESULTADOS	OBSERVACIÓNS										
BLOQUE 1: RELEVANCIA E COÑECEMENTO DO CEIS														
1	Coñece o que é o Comité de Ética en Intervención Social do Consorcio de As Mariñas?	38	36 das 38 persoas enquisadas coñecen o CEIS, só 2 non o coñecen.											
2	Coñece que asuntos relacionados cos servizos sociais se tratan nel?	38	 <table border="1"> <caption>Data for Question 2 Pie Chart</caption> <thead> <tr> <th>Categoría</th> <th>Porcentaxe</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Perspectiva ética e/ou intervención social</td> <td>47%</td> </tr> <tr> <td>Problemas éticos</td> <td>33%</td> </tr> <tr> <td>Formación e asesoramento</td> <td>13%</td> </tr> <tr> <td>Demandas de terceiras persoas</td> <td>7%</td> </tr> </tbody> </table>	Categoría	Porcentaxe	Perspectiva ética e/ou intervención social	47%	Problemas éticos	33%	Formación e asesoramento	13%	Demandas de terceiras persoas	7%	
Categoría	Porcentaxe													
Perspectiva ética e/ou intervención social	47%													
Problemas éticos	33%													
Formación e asesoramento	13%													
Demandas de terceiras persoas	7%													
3	A través de que canle lle chegou a información sobre o CEIS?	37	 <table border="1"> <caption>Data for Question 3 Pie Chart</caption> <thead> <tr> <th>Categoría</th> <th>Porcentaxe</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Consorcio As Mariñas</td> <td>54%</td> </tr> <tr> <td>Compañeira/o traballo</td> <td>41%</td> </tr> <tr> <td>Outra</td> <td>5%</td> </tr> </tbody> </table>	Categoría	Porcentaxe	Consorcio As Mariñas	54%	Compañeira/o traballo	41%	Outra	5%			
Categoría	Porcentaxe													
Consorcio As Mariñas	54%													
Compañeira/o traballo	41%													
Outra	5%													



4	Sabe como poñerse en contacto co CEIS?	38	Das 38 persoas enquisadas, 34 (89,5%) sabe como porse en contacto co CEIS, 1 ten dúbidas e só 3 dos que responderon non saben cómo porse en contacto co comité.	Ter en conta que 2 das persoas enquisadas non coñecían o CEIS.
5	Participou nalgunha xornada de difusión realizada polo CEIS?	38	26 das persoas participantes na enquisa participaron en algunha xornada de difusión e 12 nunca participaron en ningunha xornada.	Aquí pode concluirse que cada certo tempo ou a demanda dos equipos de S.S. é necesario unha actuación de difusión do CEIS.
6	En caso negativo, gustaríalle participar nalgunha xornada de difusión do Comité?	14	11 das 14 persoas que non participaron anteriormente gustaríalles participar en algunha xornada de divulgación.	
7	Como valora a información proporcionada nesta xornada?	30	Das 30 respostas , 28 consideran que obtiveron nunha boa información e 2 consideran que foi insuficiente.	
BLOQUE 2: GRADO DE PARTICIPACIÓN				
8	Participou nalgunha sesión formativa organizada polo CEIS no marco do Encontro dos Servizos Sociais do Consorcio de As Mariñas?	38	22 dos 38 enquisados participaron en algunha actividades formativa do comité e 16 non participara.	
9	Como valora a formación recibida nestas xornadas?	29		Esta pregunta non foi ben prantexada, porque se obtiveron máis respostas (29) das que se deberían obter (22).
10	Comente se lle gustaría recibir formación en ética na intervención social e en qué áreas.	29	A 28 dos/das participantes gustaríalle recibir máis formación en ética na intervención social. As áreas nas que lle gustaría recibir información son moi variadas: colectivos específicos (discapacidade, maiores, menores, ..), método deliberativo, etc. Polo que consideramos debería obterse máis información ao respecto para poder programar formacións adecuadas ás necesidades e demandas das e dos profesionais.	

BLOQUE 3: FINALIDADE E UTILIDADE

11	Pensa que a labor do CEIS é útil para as e os profesionais dos servizos sociais comunitarios?	38	 <p>35 persoas das 38 enquisadas consideran útil a labor do comité para o persoal dos servizos sociais.</p>	
12	Considera que atender á perspectiva ética na intervención social, pode mellorar a súa labor profesional?	38	37 persoas (97,4%) contestaron que consideraban que a perspectiva ética pode mellorar a súa laboral profesional.	
13	De que forma pensa que esta incorporación podería mellorar o seu desempeño profesional?	32	<p>Hai 6 persoas que NS/NC.</p> <p>Nas 32 respostas recibidas menciónanse as seguintes aportacións da perspectiva ética ao desempeño profesional:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Mellorar a calidade na intervención. ○ Mayor seguridade na intervención. ○ Maior profesionalidade. ○ Ferramenta que favorece unha maior reflexión na toma de decisións e unha maior obxectividade. <p>Hai unha persoa que considera que non mellora o seu desempeño profesional.</p>	

BLOQUE 4: BUROCRACIA

14	Coñece o procedemento para realizar unha consulta ética ao CEIS?	38	 <p>Desta resposta despréndese a necesidade de seguir dando a coñecer o procedemento de consulta entre as e os profesionais dos Servizos Sociais. 5 persoas contestan que o coñecían , pero xa non o recordan.</p>	
15	Se o coñece, como valora este procedemento?	30	 <p>40% Sinxelo 23% Bastante sinxelo 10% Bastante dificultoso 27% Dificultoso</p>	

16	Considerou nalgunha ocasión realizar unha consulta ao CEIS?	37	 <p>51% 49% ■ SI ■ NON</p>	
17	Chegou a plantexar unha consulta ao CEIS?	38	 <p>13% 87% ■ SI ■ NON</p>	Das preguntas 16 e 17 despréndese que aínda que máis da metade dos profesionais pranteoxuse realizar algunha consulta ao comité , só 5 chegraon a realizala (que na práctica só se realizaou unha por parte dun profesional dos SS)
18	Se realizou unha consulta, como valora a resposta dada polo CEIS?	6	As 6 respostas recibidas consideran que a resposta do comité foi satisfactoria ou aceptable, e en ningún caso a valoran como non satisfactoria a resposta recibida. 1 considerou a resposta moi satisfactoria; 3 bastante satisfactoria; e 2 aceptable.	
19	No caso de non plantexala finalmente, cal foi a razón?	13	Os motivos de non prantexar unha consulta son: <ul style="list-style-type: none"> ○ Falta de axilidade na resposta: 2 ○ Tempo de elaboración da consulta e/ou complexidade do protocolo: 7 ○ Resolución dentro do equipo de SS: 2 	

			<ul style="list-style-type: none"> ○ Non necesidade: 2 	
20	Por último, comente aquí calquera suxestión que considere.	4	<p>As cuestións que prantexan son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ É un traballo de "formiguiñas" e de ir incorporando esta perspectiva no día a día pouco a pouco. Parabéns! ○ Considero importante axilizar o proceso para facer consultar ao CEIS ○ Teño interés en formar parte das actividades e reunións do Comité ○ Incluír reunións co comité na planificación de sesións de seguimento do plan coordinador. 	

5. Conclusións

Dos resultados de ámbolos dous cuestionarios, poderíanse extraer os seguintes resultados:

O número de participantes acada un total de 20 integrantes do CEIS e de 38 persoas técnicas dos SS.SS dos Concellos que forman parte de Consorcio "As Mariñas".

Polo que respecta aos resultado do cuestionario dos membros do CEIS podemos destacar:

- En canto á **relevancia** do comité, as integrantes do CEIS consideran importante a inclusión da perspectiva ética no seu traballo e que a súa participación no comité mudou a súa forma de traballar, mellorando a súa calidade e incluíndo a perspectiva ética na toma de decisións e nas intervencións.
- En canto á súa **participación**, a maior parte das integrantes do CEIS considera que a súa participación é activa, a pesar das dificultades que arrastran pola elevada carga de traballo nos servizos sociais.
- En canto á **finalidade e obxectivos** do CEIS, as súas integrantes son moi críticas, xa que só o 40% considera que se cumpriron os obxectivos e un 30% considera que non. Ademais un 62% considera que non se está a visibilizar a labor do CEIS na poboación da comarca e que hai falta de difusión.
- En canto á **burocracia** apúntase á necesidade de revisar o regulamento de funcionamento e o 78% considera que se debe cambiar o procedemento de consultas.
- Respecto á **formación**, consideran que a formación foi boa, especialmente a formación inicial impartida pola Facultade de Dereito da UDC e apuntan a necesidade de maior formación no método deliberativo.

Polo que respecta ao cuestionario remitido ao persoal dos Servizos Sociais dos concellos do Consorcio As Mariñas, os resultados foron os seguintes:

- Respecto á **relevancia e coñecemento do comité**, o 95% das persoas enquisadas coñecían o CEIS, máis da metade a través do Consorcio e o resto a través de compañeiras/os de traballo. Cerca do 90% sabe cómo poñerse en contacto co comité e o 70% participaron nalgunha xornada de divulgación ou difusión do mesmo e a valoran positivamente.
- En canto á **participación**, o 68% participou nalgunha formación do comité e interesaríalle seguir recibindo formación sobre ética na intervención social.

- En canto á **finalidade e obxectivos** do CEIS, o 90% considera útil o comité e o 97% indica que a perspectiva ética pode mellorar a súa labor profesional (mellora de calidade das intervencións, a profesionalidade , a toma decisións, ...).
- Respecto á **burocracia**, o 68% coñece o procedemento de consulta ao comité, dos cales o 63 % o considera sinxelo fronte o 47% que o considera dificultoso. O 61% das persoas enquisadas prantexáronse realizar algunha consulta, pero só a chegou a realizar un 13%, os motivos para non facelo foron principalmente o tempo de elaboración da consulta ou a súa complexidade.

En xeral pódese concluír que o labor do comité valórase como útil e necesario para mellorar a intervención social e o desempeño profesional. As integrantes do CEIS son máis críticas respecto ao cumprimento dos obxectivos.

Asemade, pódese resaltar que a formación e difusión levada a cabo polo CEIS valorouse como satisfactoria e útil tanto polas súas integrantes como polo persoal dos servizos sociais.

En canto á burocracia, obsérvase a necesidade de revisar o regulamento do CEIS e promover a realización de consultas ao comité desde os equipos de intervención dos servizos sociais.